


Galicia



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Máis de 15.000 alumnos de 120 centros beneficianse este curso do programa PROA e do Plan de mellora da calidade nos centros docentes

As accións están encamiñadas a paliar o fracaso escolar e son cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Plan PROA

O Plan PROA (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio) ten como obxectivos fundamentais incidir na mellora da aprendizaxe, elevar a motivación do alumnado e lograr unha maior implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe. O devandito plan iniciouse no curso 2005-2006 en 40 centros e no presente curso estendeuse a outros 36. O curso pasado participaron no

programa PROA unha media de 1.000 alumnos, e este ano fano uns 3.040 estudantes, o que supón un incremento do 204%.

As principais liñas de actuación son:

- Acompañamento escolar, dirixido ao alumnado de primaria e secundaria.
- Apoio educativo, dirixido ao alumnado de secundaria.

Os obxectivos deste programa son:

- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado.
- Mellorar a súa integración social.
- Facilitar a continuidade na progresión da acción educativa.
- Contribuír ao incremento da taxa de éxito escolar.

Dos 36 novos centros, 18 participan na modalidade de acompañamento escolar en educación primaria; 9 na modalidade de acompañamento escolar en educación secundaria; e outros 9 na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria. O curso pasado,

foron 20 os centros participantes na modalidade de acompañamento escolar en educación primaria; 10 na de acompañamento escolar en educación secundaria; e 10 na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria.

Plan de mellora da calidade

Coa medida perséguese fomentar a avaliación da práctica educativa dos centros docentes, mediante a detección de problemáticas e deficiencias, e mais a subsecuente posta en marcha de medidas correctoras.

Poden solicitalo os centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que fagan unha avaliación interna sobre como se está a desenvolver no centro algún aspecto básico curricular e propoñan un plan de mellora.

Este curso 2006-2007 participan neste programa uns 12.000 alumnos de 46 centros educativos, que contan

cunha dotación económica de 1.000 a 6.000€ destinada a sufragar gastos xustificadas no proxecto, tales como actividades de formación, materiais non inventariables, fondos documentais, etc.

Con esta iniciativa preténdese:

- Fomentar a avaliación da práctica educativa dos centros docentes.
- Propiciar unha avaliación interna nalgún aspecto curricular ou organizativo.
- Fomentar un plan de centro.
- Mellorar a calidade.
- Incentivar a innovación e a investigación na propia acción docente.

Aumentan os centros que se acollen ao Plan de mellora das bibliotecas

O programa intenta promover un modelo de biblioteca escolar concibido como centro de recursos para a información, a aprendizaxe e a lectura.

O obxectivo do programa é a implantación dun modelo de biblioteca escolar concibido como centro de recursos para a información, a aprendizaxe e mais a lectura, que difunda a súa existencia e que facilite o seu uso por parte de toda a comunidade educativa escolar, integrando as TIC e unha xestión centralizada dos materiais cos que conta. As actividades de fomento da lectura e de educación en información deben constituír a base da dinamización da biblioteca.

En consecuencia, prémianse proxectos de mellora da biblioteca escolar que incidan nos aspectos sinalados e que contén co compromiso e a aprobación da comunidade escolar, co fin de garantir a resposta ás necesidades desta, así como a estabilidade das iniciativas que se programan. Na primeira convocatoria do

curso 2005-2006 integráronse no Plan de mellora 40 centros de toda Galicia e no curso 2006-2007 incorporáronse outros 60 centros.

O Plan Valora pretende impulsar a educación en valores democráticos dos nenos e das nenas galegos

No presente curso establécense 78 premios a proxectos de innovación en materia de educación en valores nos centros públicos de niveis non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Plan Valora é unha iniciativa encamiñada cara a un modelo escolar “diversificado, flexible e comprensivo” que ten como obxectivo impulsar a educación en valores democráticos e promover a educación para a cidadanía democrática, tanto a través da convocatoria de proxectos de innovación educativa, como da dotación de recursos a través da rede coa creación dun espazo: www.edu.xunta.es/valora/. O proxecto ten dúas miras principais:

- Poñer en valor a educación, instando a que o alumnado, as familias e a sociedade, no seu conxunto, valore o feito educativo e a súa capacidade transformadora das realidades sociais.
- Actualizar nos centros educativos o compromiso coa cultura democrática, entendida como conxunto de valores que constituen a base da educación integral da cidadanía, como a responsabilidade, a xustiza, o diálogo, a solidariedade, a autoestima, a sinceridade, a confianza, a paz, a cooperación, a creatividade ou a protección ambiental.

A liña de innovación educativa configúrase arredor de diversos ámbitos:

a educación para a igualdade de homes e mulleres; a convivencia, cidadanía e cultura de paz; a interculturalidade; o medio ambiente e desenvolvemento sustentable; a educación viaria; o consumo responsable; o lecer; a saúde; e o medio mariño. A este respecto, a Xunta publicou a orde de convocatoria para 78 premios a proxectos de innovación en materia de educación en valores en centros públicos de niveis non universitarios.

Xunto a esta actuación, pónense en marcha outras, como:

- A creación dun espazo específico no portal educativo da Consellería de Educación dedicado á educación en valores democráticos.
- A potenciación da publicación Saudíña, que se converterá no voceiro dos pasos, das aprendizaxes, do día a día do Plan Valora.
- A inclusión dun módulo formativo dedicado á educación en valores democráticos nos cursos de formación inicial de todos os novos profesionais do ensino.
- A promoción de convenios de colaboración con institucións e organismos para a realización de accións conxuntas, ou produción de materiais que poidan contribuir a esta tarefa educativa.
- A elaboración de materiais e recursos que sirvan para a difusión e a sensibilización da cidadanía, en xeral, e para a divulgación de boas prácticas.
- A investigación sobre a práctica dos valores democráticos nos centros educativos.
- A convocatoria de premios a iniciativas individuais e colectivas relacionadas coa práctica dos valores democráticos polo alumnado galego.

Na web www.edu.xunta.es/valora/ o profesorado poderá atopar información sobre campañas e convocatorias de proxectos, cursos e congresos relacionados coa educación en valores; experiencias educativas neste eido, así como lexislación, materiais informativos e ligazóns de interese.

Proxectos de innovación educativa en valores democráticos

Os proxectos de innovación orientados á formación en valores democráticos son os seguintes:

Valora-Convivencia, cidadanía e cultura de paz: 10 proxectos.

Valora-Interculturalidade: 10 proxectos.

Valora-Igualdade: 10 proxectos.

Valora-Educación viaria: 10 proxectos.

Valora-Consumo: 2 proxectos.

Valora-Lecer: 10 proxectos.

Valora-Saúde: 10 proxectos.

Valora-Medio mariño: 6 proxectos.

Valora-Ambiente e desenvolvemento sustentable: 10 proxectos.

As tecnoloxías da información e a comunicación incorpóranse progresivamente ás aulas galegas e modernizan o sistema de ensinanza

Un total de dez centros participan durante o presente curso académico no desenvolvemento de programas de innovación educativa orientados a incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación á educación.

A través deste plan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende potenciar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación con fins educativos. As accións principais que se levan a cabo son dúas:

- Ofrecer recursos a través do portal de contidos educativos:

<http://www.edu.xunta.es/contidos/>

- Convocar proxectos de innovación educativa.

Para desenvolver o proxecto os dez centros contan cos seguintes recursos:

- Un kit multimedia composto por un encerado dixital interactivo, un

proxector e seis ordenadores portátiles, como máximo.

- Dotación económica de 1.000€ para a posta en marcha do proxecto.

- Formación en TIC e asesoramento para o profesorado do centro.

- Un espazo web para facilitar a creación e a organización de materiais e recursos educativos, por medio das tecnoloxías da información e a comunicación.

- A difusión de experiencias a través da rede, e a publicación dos materiais educativos producidos.

Galego na escola

A Administración educativa galega impulsa accións orientadas ao fomento do galego nos centros e á consecución da competencia multilingüe do alumnado.

O Plan de Linguas contempla accións encamiñadas cara a dous obxectivos diferentes, aínda que complementarios. Por unha banda, a normalización lingüística, con convocatorias conxuntas da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, orientadas ao fomento do galego. Por outra, a consecución da competencia multilingüe do alumnado, de acordo coas directrices da Unión Europea e as esixencias dunha sociedade globalizada e proxectada cara ao ámbito comunitario.

Neste momento están a se desenvolver dúas accións que responden ás recomendacións do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. A primeira é a convocatoria de proxectos de innovación educativa para o fomento do ensino en lingua galega en educación infantil, grazas á cal os centros de educación infantil dependentes da Consellería de Educación que contan polo menos con dúas liñas poderán impartir unha delas en lingua galega, aínda que o idioma materno maioritario no contorno do centro sexa o castelán. Con esta

actuación preténdese garantir os dereitos lingüísticos do alumnado galegofalante residente en zonas nas que o idioma ambiental predominante non é o que emprega na casa.

A segunda acción, os premios a proxectos de innovación en lingua galega, está dirixida a centros de primaria e de secundaria que presenten plans de normalización orientados á creación de novos ámbitos de uso do galego oral dentro e fóra das aulas, á capacitación lingüística do alumnado inmigrante e á colaboración con entidades do contorno do centro educativo para promover unha cultura xuvenil galeguizadora.

Seleccionáronse anualmente dez centros que recibirán formación, asesoramento e unha dotación económica suplementaria (2.000€) para levar a cabo o proxecto, así como a oportunidade de difundir as súas experiencias e publicar os seus materiais educativos.

Competencia multilingüe

Polo que se refire á adquisición dunha cada vez máis necesaria competencia multilingüe, a actuación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa concrétase en cinco accións:

- Proxectos de innovación educativa en centros bilingües. Programa de inmersión lingüística en educación primaria. Dirixido ao alumnado de sexto curso co obxectivo de que afonde nos seus coñecementos de lingua inglesa. Seleccionáronse de catro a seis grupos de 25 alumnos e alumnas de centros públicos para unha estadía dunha semana realizando actividades formativas en lingua inglesa.
- Programa de inmersión lingüística en educación secundaria. O obxectivo desta convocatoria é ofertar 300 prazas para que o alumnado que estea cursando 2º, 3º, 4º da ESO ou 1º de bacharelato realice actividades de formación en Inglaterra, Irlanda e Francia.
- Plan de anticipación da primeira lingua estranxeira. Está dirixido a centros dependentes da Consellería de Educación que desexen comezar a

impartir a primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria.

- Seccións europeas. A orde do 10 de xuño de 2005 (DOG do 24 de xuño) modifica e amplía o Plan Experimental de Seccións Europeas, destinadas a potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros de ensino non universitario. As seccións europeas veñen ser o equivalente das aulas bilingües nos centros de secundaria.

Premios e concursos

Segundo premio nacional para o IES Carlos Casares de Viana do Bolo

O centro recibe o galardón nun concurso, no que competían 144 centros e no que se premiaban as boas prácticas de convivencia.

Os premios estaban estruturados en 3 modalidades:

- Centros públicos de educación infantil e primaria.
- Centros públicos de educación secundaria, bacharelato e formación profesional.
- Centros privados concertados.

Dúas alumnas galegas galardoadas no XIX Certamen de Jóvenes Investigadores

O Certamen de Jóvenes Investigadores pretende espertar vocacións investigadoras entre estudantes de 15 a 20 anos e está organizado conxuntamente polos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Educación e Ciencia. Este ano contou coa participación de 160 alumnos de todo o Estado.

As alumnas premiadas, Alba Velo e María Viñal, son estudantes de

bacharelato internacional no Instituto de Ensinanza Secundaria Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela.

Alba Velo fíxose co primeiro premio na área de Ciencias da Terra e da Vida, grazas ao seu traballo “Veo, veo...¿cómo ven?”, que analiza a visión en distintos animais. O galardón está dotado con 5.000€.

Pola súa banda, María Viñal gañou unha estancia de dúas semanas nun centro de investigación do CSIC, grazas ao seu traballo “La clonación: un arma de dobre filo”, presentado dentro da área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Os traballos foron coordinados polo profesor de Filosofía Manuel Rivas e pola catedrática de Bioloxía deste centro, Rosario García-Echave, que ademais recibiu un premio especial.

Universidade de Vigo

Dende xaneiro funcionarán equipos de autoservizo para a información e o acceso á Rede EURES (EUROPEAN Employment Services), ao EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e á Guía de saídas profesionais da Universidade de Vigo, dirixidos á comunidade universitaria, nas bibliotecas universitarias centrais dos tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo).

No plan anual de actividades 2006-2007 da Universidade de Vigo e o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, á parte doutras iniciativas coma o ForumEmprego Universitario, estaba a adquisición, instalación e posta en funcionamento nas bibliotecas universitarias centrais dos tres campus da Universidade de Vigo (Vigo, Ourense

e Pontevedra) de equipos de autoservizo para a información sobre EURES, o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e a Guía de saídas profesionais da Universidade de Vigo.

A partir do día 2 de xaneiro de 2007, a súa utilización farase extensiva e xeneralizarase a toda a comunidade universitaria, sendo destinatarios preferentes, os estudantes e os titulados que queiran moverse por Europa, ben por cuestións formativas, ben na busca de oportunidades para exercer a súa profesión noutro país.

Con esta iniciativa, única ata agora en Europa no marco das relacións EURES-Universidade, preténdese, sobre todo:

- Poñer a disposición dos estudantes e titulados universitarios toda a información básica de EURES, de EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e a Guía de saídas profesionais da Universidade de Vigo, dun xeito facilmente accesible.
- Colaborar na promoción dos servizos EURES e EURES-T a través da presenza dunha imaxe visible nas bibliotecas, infraestruturas destinadas a facilitar o acceso á información a través de múltiples fontes e soportes, e un público con especial interese pola mobilidade estudantil e profesional.
- A instalación de equipos de autoservizo ofrecerá unha maneira máis extensa e permanente de prestar os servizos básicos de EURES, tanto aos xa titulados universitarios que buscan emprego como aos estudantes, que se encontran na fase de iniciación dun posible itinerario profesional e comezando a abordaxe da busca de emprego.

GALICIA EN CIFRAS

Un estudo realizado polo profesor Luis Sobrado da Universidade de Santiago de Compostela analiza o rendemento académico do alumnado galego na área de Matemáticas.

O devandito estudo achega resultados comparativos entre Galicia e o resto das comunidades autónomas do Estado español nos valores termo medio do alumnado.

- 1º. Contexto: Fai referencia ao medio sociocultural da familia do alumnado (valorado principalmente polas variables dos estudos e profesións do pai/nai).
Contexto 2: Medio alto.
Contexto 3: Medio baixo.
- 2º. Contidos e procedementos curriculares na área de Matemáticas.

Contidos curriculares: Son os dos Números, Medida e Xeometría en 4.º curso de ensino primario. En 6.º curso de ensino primario e 2.º e 4.º de ensino secundario obrigatorio son os dos Números, Álgebra, Xeometría e Estatística.

Procedementos curriculares: Veñen dados polas categorías de conceptos, destrezas e resolución de problemas nos catro cursos (4.º e 6.º de ensino primario e 2.º e 4.º de ensino secundario obrigatorio).

Na análise comparativa entre os resultados obtidos polo alumnado galego composto por 600 alumnos, aproximadamente, de cada un dos cursos mencionados é preciso salientar o seguinte:

- 1ª. Nos contidos curriculares de Medida en 4.º curso de ensino primario destacan os escolares galegos (12'9

de termo medio fronte a 11'6 do resto do Estado) e especialmente os de contexto medio alto (14'3 de media fronte a 12'8 puntos, respectivamente).

- 2ª.-Nos contidos curriculares de Xeometría e Estatística de 6.º curso de ensino primario o alumnado galego atópase por debaixo do termo medio do Estado especialmente no contexto 2 (medio alto), con valores de 11'3 e 12'9 en Xeometría e 10'5 e 11'7 en Estatística, respectivamente.
- 3ª. No 2.º curso de ESO o alumnado galego do contexto 2 (medio alto) atópase con valores superiores no contido curricular de Números aos do termo medio do Estado (media de 11'7 fronte a 10'6).

Non obstante, sucede o contrario no contido curricular de Xeometría (5'9 dos escolares galegos fronte a 6'7 do termo medio do alumnado doutras comunidades autónomas do contexto medio baixo).

- 4ª.- No 4.º curso da ESO o alumnado galego está con valores inferiores destacados comparados cos do resto do Estado nos contidos curriculares de Números (contexto 2 e 3), Xeometría (contexto 2), e os procedementos curriculares de Conceptos, Destrezas e Resolución de problemas (contexto 2).

Valores termo medio do alumnado na área de Matemáticas (4.º curso de ensino primario)

Contextos	Contidos e Proc. curriculares	Cualificacións (Nota)	Números	Medida	Xeometría	Conceptos	Destrezas	Resolución de problemas
Valoración	Galicia	12	12'3	12'9	10'3	13'1	11'7	11'7
Total	Estado	11'8	12'2	11'6	10'9	13'1	11'7	10'9
Contexto 3	Galicia	10'3	10'7	10'9	8'3	11'4	9'9	9'9
	Estado	11'3	11'6	11'1	10'5	12'5	11'2	10'2
Contexto 2	Galicia	13	13'2	14'3	11'4	14'1	12'8	12'7
	Estado	13	13'4	12'8	12	14'3	12'6	12'5

Valores termo medio na área de Matemáticas (6.º curso de EP e 2.º e 4.º curso de ESO)
6.º curso de ensino primario

Contextos	Contidos e Proc. curriculares	Cualificacións (Nota)	Números	Álgebra	Xeometría	Estatística	Conceptos	Destrezas	Resolución de problemas
Contexto 2	Galicia	11'6	11'8	12'3	11'3	10'5	10'4	12'7	10'1
	Estado	12'4	12'4	12'3	12'9	11'7	11'9	13	11'6
Contexto 3	Galicia	10'2	10'6	10'8	9'7	9'3	9'4	11'1	8'8
	Estado	10	10'2	10'3	9'9	8'9	9'2	10'8	8'6

2.º curso de ESO

Contexto 2	Galicia	10'6	11'7	11'1	8'7	10'4	10'8	11	9'6
	Estado	10'2	10'6	11'2	8'9	10'3	10'3	10'4	9'1
Contexto 3	Galicia	7'6	8'2	8'8	5'9	7'6	8	7'8	6'4
	Estado	7'8	8'2	8'8	6'7	8'3	8	7'8	7'1

4.º curso de ESO

Contexto 2	Galicia	8'3	8'2	9'9	6'3	10'4	7'7	7'9	8
	Estado	9'8	10	10'9	8'9	10'5	9'9	9'8	9'7
Contexto 3	Galicia	7	7'1	8'2	5'9	8'2	6'9	6'8	7'2
	Estado	7'8	8'2	8'9	6'7	8'1	7'9	7'4	7'7